

ACUERDO ENTRE EL SERVICIO GALLEGO DE SALUD, EN REPRESENTACIÓN DE LA AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS, Y LA FUNDACIÓN INTERNACIONAL JOSEP CARRERAS PARA DETERMINAR EL PROCEDIMIENTO DE SUMINISTRO DE LAS UNIDADES DE SANGRE DE CORDÓN UMBILICAL.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou o 05.08.2019 coa Fundación Internacional Josep Carreras o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia de catro anos, a contar dende o día seguinte ao da súa sinatura.

O dito instrumento convencional ten por obxecto determinar o procedemento de subministro das unidades de sangue de cordón umbilical solicitadas por REDMO con destino a un centro sanitario de calquera parte del mundo. As unidades de sangue de cordón umbilical rexístranse no Registro español de donantes de médula ósea (REDMO) que é o órgano encargado da busca dun doante non familiar compatible.

O Banco de Sangue de Cordón Umbilical da Comunidade Autónoma de Galicia garante unha información veraz sobre a doazón de sangue de cordón umbilical, seguindo o establecido no Plan Nacional de Donación de Sangre de Cordón (PNSCU), que inclúe os requisitos de estado de saúde, riscos e beneficios, voluntariedade e gratuidade da doazón. De igual modo debe informar dos requisitos de confidencialidade e o anonimato entre doante e receptor, así como da necesidade de realizar unhas probas analíticas mínimas e do dereito a coñecer o resultado das mesmas.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

- As unidades de sangue de condón umbilical forman parte dos proxenitores hematopoéticos encargados de producir células de sangue e doutros tecidos. O transplante de células de cordón umbilical permite a curación de certas enfermidades, substituíndo as células defectuosas por outras normais procedentes dun doante san.

- Normalmente neste caso, o doante é un familiar pero máis da metade dos pacientes que requiren dun transplante non dispoñen dun familiar compatible, polo que é necesario recorrer ao transplante non emparentado. Para localizar posibles doantes, creáronse os rexistros de doantes voluntarios.
- En Galicia, as unidades de sangue de cordón umbilical almacénanse no Banco de Sangue de Cordón Umbilical, que é xestionado pola Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos.

Existe polo tanto converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido, o que exclúe o ánimo de lucro, na medida en que aqueles non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

